



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO ÁREA DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO “PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024”.

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024”, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 28 de febreiro de 2025, acordou:

Modificar a **base 7. Gastos subvencionables** do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024, cuxas bases reguladoras foron aprobadas pola Xunta de Goberno en sesión do 15 de marzo de 2024 e modificadas por acordo da Xunta de Goberno do 22 de novembro de 2024, de forma que:

Onde di:

“Consideraranse gastos subvencionables os que se relacionan a continuación:

1. Poderán ser obxecto de subvención os gastos ocasionados a consecuencia de inversións realizadas en inmobles de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que teña o dereito de uso, os gastos derivados da adquisición de equipamentos necesarios para o seu funcionamento, todos eles orientados ao cumprimento dos fins da entidade e o seu funcionamento común, os gastos derivados de obras nas traídas de auga comunitarias, os gastos derivados da mellora, adecuación do firme e sinalización de vías públicas comunais e dos seus accesos e os gastos derivados de obras de acondicionamento e recuperación de espazos públicos comunais , fontes comunais e a súa contorna.

2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dende o 1 de maio de 2024 ao 30 de abril de 2025.

3. Cando o beneficiario da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

4. (...)”

Debe dicir:

“Consideraranse gastos subvencionables os que se relacionan a continuación:

1. Poderán ser obxecto de subvención os gastos ocasionados a consecuencia de inversións realizadas en inmobles de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que teña o dereito de uso, os gastos derivados da adquisición de equipamentos necesarios para o seu funcionamento, todos eles orientados ao cumprimento dos fins da entidade e o seu funcionamento común, os gastos derivados de obras nas traídas de auga comunitarias, os gastos derivados da mellora, adecuación do firme e sinalización de vías públicas comunais e dos seus accesos e os gastos derivados de obras de acondicionamento e recuperación de espazos públicos comunais , fontes comunais e a súa contorna.

2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dende o 1 de maio de 2024 ao 30 de xuño de 2025.

3. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación destas bases sempre que as mesmas estean vixentes, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

4. *Cando o beneficiario da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

5. (...) ”

Modificar a base 13. Xustificación e aboamento das subvencións

Onde di:

“Non se admiten modificacións de actuacións que impliquen cambios na valoración da concesión da subvención, salvo informe favorable do técnico designado pola Deputación Provincial no que conste que ditas modificacións non supoñen unha minoración na valoración.

O beneficiario deberá achegar, como data límite o 30 de xuño de 2025, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen presentarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao tramite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter recibido algún anticipo, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lei xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

(...)”

Debe dicir:

Non se admiten modificacións de actuacións que impliquen cambios na valoración da concesión da subvención, salvo informe favorable do técnico designado pola Deputación Provincial no que conste que ditas modificacións non supoñen unha minoración na valoración.

O beneficiario deberá achegar, como data límite o 31 de xullo de 2025, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación destas bases sempre que as mesmas estean vixentes, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen presentarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao tramite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter recibido algún anticipo, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lei xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Lugo, 3 de marzo de 2025.- O Presidente, P.D. Decreto de data 04-07-2023, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 0589

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (SERVIZO DE DEPORTE)

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2025 POLO QUE SE APROBAN AS BASES DA CONVOCATORIA QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2025, O GASTO E OS MODELOS DE SOLICITUDE E DE CONTA XUSTIFICATIVA.

SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2025.

BDNS (Identif): 818567

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións

<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>

Así mesmo, as bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, e os modelos de solicitude tamén estarán a disposición dos interesados/as na web da Deputación de Lugo no seguinte enlace:

<http://www.deputacionlugo.gal/temas/deportes/home>

Para os efectos oportunos, a correspondente publicación do extracto da convocatoria realizarase no BOP de Lugo.

Primeiro. Beneficiarios:

Poderán acollerse a esta convocatoria aquelas entidades e clubs deportivos que no momento da convocatoria o soliciten de acordo co establecido nelas, tendo consideración de beneficiario da subvención a entidade destinataria dos fondos públicos para a actividade ou acción que dentro da finalidade das bases da convocatoria se atope na situación que lexítima a súa concesión.

Poderán solicitar subvencións ao abeiro desta convocatoria as entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede e /ou delegación na provincia), legalmente constituídas e adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto destas bases e de acordo ás condicións establecidas na presente convocatoria, cuxa actividade sexa a participación en competicións organizadas polas federacións deportivas oficiais das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que se relaciona no ANEXO A destas bases, que estean inscritas na correspondente competición oficial, desenvolvan a actividade competitiva e deportiva e cuxa finalidade é promover os valores do deporte dende a base.

Segundo. Obxecto:

Constitúe o obxecto das bases desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades e clubs deportivos, da provincia de Lugo (enténdase con sede e/ou delegación na provincia) co obxectivo de fomentar o deporte de base e o desenvolvemento da actividade deportiva de carácter competitivo na anualidade de 2025.

Terceiro. Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto no seguinte enderezo:

<http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, AÑO 2025.

<http://www.deputacionlugo.gal/temas/deportes/home>

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo

SEIS CENTOS MIL EUROS (600.000,00 €)

A subvención que a Deputación Provincial pode conceder estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa:

IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
500,00 €	6.000,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Sexto. Outros datos

Non se concederán pagamentos anticipados nin aboamentos a conta das subvencións concedidas.

Lugo, 5 de marzo de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

CONCELLOS
ANTAS DE ULLA
Anuncio

EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓN E ANUNCIO DE COBRANZA

Unha vez aprobados definitivamente por Resolución de Alcaldía de data 27 de febreiro de 2025, o Padrón da Taxa pola prestación do Servizo de Subministración de Auga, correspondente ao exercicio 2023, no que se inclúe o canon da auga, e o Padrón da Taxa sobre prestación dos Servizos de Rede de Sumidoiros, correspondente ao exercicio 2023, para os efectos tanto da súa notificación colectiva, nos termos que se deducen do artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, como da submisión dos mesmos a trámite de información pública, por medio deste anuncio expóñense ao público no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de un mes, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario da **Taxa pola prestación do Servizo de Subministración de Auga, correspondente ao exercicio 2023, no que se inclúe o canon da auga, e da Taxa sobre prestación dos Servizos de Rede de Sumidoiros, correspondente ao exercicio 2023.**

- Prazo de ingreso (en período voluntario): **do 1 de marzo de 2025 ao 30 de abril de 2025, ambos inclusive.**
- Modalidade de cobro: mediante ingreso en calquera das seguintes contas bancarias: **ES17 2080 0166 1731 1000 0073 (ABANCA) e ES54 3070 0024 0611 3824 4320 (CAIXA RURAL GALEGA).**

Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.

- Lugar de ingreso: **entidades financeiras anteriormente relacionadas.**
- Días e horas de ingreso: **días hábiles, de luns a venres, das 10:00 ás 14:00 horas.**

Os contribuíntes que reciban o aviso de pagamento poderán pagalo presentando o aviso nas oficinas das entidades financeiras anteriormente relacionadas.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciarase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, dos custes do procedemento de constrinximento.

No tocante ao canon da auga, advírtese que a falta de pago no período voluntario sinalado suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. Así mesmo, faise constar que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Antas de Ulla, 27 de febreiro de 2025.- A alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 0583

FOLGOSO DO COUREL
Anuncio

Por DECRETO de Alcaldía de data 05/03/2025 aprobose a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura de dous postos de peons ao 75% da xornada, durante un período de 6 meses ao abeiro do Programa de Reforzo do Emprego do "Plan Deputación de Cooperación cos Concellos" 2024

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro Xeral do Concello de Folgoso do Courel ou en calquera dos lugares aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC) debendo seguirse, en todo caso, o modelo de solicitude que aparece recollido no Anexo I das bases reguladoras. O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles que

comenzarán a contar a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases completas publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Folgoso do Courel (<https://folgosodocourel.sedelectronica.es>).

Folgoso do Courel, 5 de marzo de 2025.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 0591

POL

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía, de data 3 de marzo de 2025, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de febreiro de 2025, que se expón ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, 3 de marzo de 2025.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 0592

RIBADEO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 16 de xaneiro de 2025 o Padrón para o cobro conxunto das taxas por subministro de augas, recolleita de lixo e sumidoiros para o bimestre **NOVEMBRO-DECEMBRO 2024**, exponse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de 15 días hábiles, e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria por prazo de 60 días a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga e coeficiente de vertedura directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga e coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

Esta obriga aparece no artigo 49.7 do citado regulamento do canon da auga (Anexo do Decreto 136/2012).

Ribadeo, 26 de febreiro de 2025.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 0593

SARRIA

Anuncio

Aprobados inicialmente os expedientes de modificación de créditos, suplemento de crédito SC 1/2025 Residencia da Residencia de Anciáns “Nuestra Sra. Del Carmen” e suplemento de crédito SC 1/2025 do Concello de Sarria, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 27 de febreiro de 2025, en cumprimento do disposto nos artigos 177.2 e 169.1 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, o expediente exponse ao público na Intervención Xeral do Concello polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinalo e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

Os expedientes de modificación de créditos quedarán definitivamente aprobados se transcorrido dito prazo de exposición non se presentaran reclamacións. No caso contrario, o Pleno terá un prazo de un mes para resolvelas.

Os expedientes de modificación de créditos definitivamente aprobados publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor coa súa publicación.

Sarria, 4 de marzo de 2025.- O alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 0584

CONSORCIO DE TURISMO RIBEIRA SACRA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Consorcio de Turismo de Ribeira Sacra, en sesión extraordinaria realizada o pasado 19 de decembro de 2024, aprobou, con carácter inicial, o Orzamento Xeral para o exercicio 2025.

O devandito expediente permaneceu exposto ao público durante quince días hábiles, nas dependencias do Consorcio de Turismo e publicouse o anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 9, de data 13 de xaneiro de 2025, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, número 14, de data 22 de xaneiro de 2025, e no taboleiro de anuncios do Consorcio.

Durante o período de exposición pública indicado non se rexistrou reclamación ninguna contra a aprobación do citado expediente, polo que de conformidade co establecido no artigo 20.1 do RD 500/1990, do 20 de abril, elévase o devandito acordo de aprobación a definitivo.

En consecuencia, e de conformidade co establecido no artigo 20.3 do referido RD 500/190, e 169.3 do Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, publícase a aprobación definitiva do expediente do Orzamento Xeral do Consorcio para o exercicio 2025.

ESTADO DE GASTOS

A. Operacións non financeiras:

A.1. Operacións correntes:

Capítulo 1: Gastos de persoal: 199.400,00 €

Capítulo 2: Gastos bens correntes e servizos: 509.000,00 €

Capítulo 3: Gastos financeiros: 1.000,00 €

Capítulo 4: Transferencias correntes: 15.000,00 €

A.2. Operacións de capital:

Capítulo 5: Fondo de continxencias: 0

Capítulo 6: Inversións reais: 1.495.000,00 €

Capítulo 7: Transferencias de capital: 0

B. Operacións financeiras:

Capítulo 8: Activos financeiros: 0

Capítulo 9: Pasivos financeiros: 1.000,00 €

Total: 2.220.400,00 €

ESTADO DE INGRESOS

A. Operacións non financeiras:

A.1. Operacións correntes:

Capítulo 1: Impostos directos: 0

Capítulo 2: Impostos indirectos: 0

Capítulo 3: Taxas, prezos públicos e outros ingresos: 0

Capítulo 4: Transferencias correntes: 220.050,00 €

Capítulo 5: Ingresos patrimoniais: 0

A.2. Operacións de capital:

Capítulo 6: Alleamento do investimentos reais: 0

Capítulo 7: Transferencias de capital: 2.000.000,00 €

B. Operacións financeiras:

Capítulo 8: Activos financeiros: 150,00 €

Capítulo 9: Pasivos financeiros: 200,00 €

Total: 2.220.400,00 €

Así mesmo e de conformidade co establecido no artigo 127 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, acordouse aprobar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo desta entidade para o exercicio 2025:

CADRO DE PERSOAL**Funcionario/a de carreira:**

- 1 secretario/a-interventor/ra

Persoal laboral:

- 1 praza de xerencia

Persoal laboral temporal:

- 2 prazas de técnico/a en turismo, contrato a tempo completo con cargo ao Plan de Sostibilidade Turística en Destino

Sober, 4 de marzo de 2025.- O presidente, D. Luis Fernández Guitián.

R. 0585

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - DEPUTACION***Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO EN SESION CELEBRADA O DIA 28 DE FEBREIRO DE 2025 POLO QUE SE APROBAN AS BASES DA CONVOCATORIA QUE REXERAN NO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2025, O GASTO E OS MODELOS DE SOLICITUDE E DE CONTA XUSTIFICATIVA.

BDNS (Identif.): 818567

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/818567>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencions publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencions

<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>

Así mesmo, as bases da convocatoria para a concesion de subvencions destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, e os modelos de solitudine tamén estarán a disposición dos interesados/as na web da Deputacion de Lugo no seguinte enlace:

<http://www.deputacionlugo.gal/temas/deportes/home>

Para os efectos oportunos, a correspondente publicacion do extracto da convocatoria realizarase no BOP de Lugo.

Primeiro. Beneficiarios:

Poderán acollerse a esta convocatoria aquelas entidades e clubs deportivos que no momento da convocatoria o soliciten de acordo co establecido nelas, tendo consideracion de beneficiario da subvencion a entidade destinataria dos fondos públicos para a actividade ou accion que dentro da finalidade das bases da convocatoria se atope na situacion que lexitima a súa concesion.

Poderán solicitar subvencions ao abeiro desta convocatoria as entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede e /ou delegacion na provincia), legalmente constituídas e adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro e sempre que as accions que desenvolvan cumpran o obxecto destas bases e de acordo ás condicións establecidas na presente convocatoria, cuxa actividade sexa a

participación en competicións organizadas polas federacións deportivas oficiais das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que se relaciona no ANEXO A destas bases, que estean inscritas na correspondente competición oficial, desenvolvan a actividade competitiva e deportiva e cuxa finalidade é promover os valores do deporte dende a base.

Segundo. Obxecto:

Constitúe o obxecto das bases desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades e clubs deportivos, da provincia de Lugo (enténdase con sede e/ou delegación na provincia) co obxectivo de fomentar o deporte de base e o desenvolvemento da actividade deportiva de carácter competitivo na anualidade de 2025.

Terceiro. Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto no seguinte enderezo:

<http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, AÑO 2025.

<http://www.deputacionlugo.gal/temas/deportes/home>

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo

SEIS CENTOS MIL EUROS (600.000,00 €)

A subvención que a Deputación Provincial pode conceder estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa:

IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
500,00 €	6.000,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Sexto. Outros datos

Non se concederán pagamentos anticipados nin aboamentos a conta das subvencións concedidas.

Lugo, 5 de marzo de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0594

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - XOVE

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2025-0696 DE 4 DE MARZO DE 2025 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DAS AXUDAS PARA O BALEIRADO DE FOSAS SÉPTICAS DO EXERCICIO 2025

BDNS (Identif.): 818333

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/818333>)

Primeiro. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas maiores de idade titulares de inmobles residenciais ou de establecementos de aloxamento turístico e de restauración nos termos da normativa galega de turismo en vigor sitos no termo municipal do concello de Xove en contornas sen rede de sumidoiros municipal que estean provistos de fosas sépticas ou outros sistemas individuais de xestión de augas residuais.

Segundo. Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é regular o sistema de concesión de axudas a favor das persoas físicas que teñan a condición de beneficiario tal e como se define na Cláusula Segunda a fin de garantir unha xestión eficiente, responsable e protectora do medio durante o ano 2025.

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<https://xove.sedelectronica.gal/transparency/676b7e81-659d-4cf9-9e3b-9b3918520218/>

Cuarto. Contía

A contía prevista para esta actuación na presente convocatoria é 10.070,00 euros con cargo á aplicación 160.489 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal.

Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparelado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

Sempre e cando se reúnan os requisitos establecidos nas presentes bases, exceptúase o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas non sendo necesario polo tanto a comparación entre as mesmas, co límite do crédito orzamentario existente para a convocatoria.

A axuda alcanzará como máximo un importe de 200,00 euros.

Quinto. Requisitos dos solicitantes

- Ser persoas físicas maiores de idade
- Ser titulares de inmobles residencias sitos no termo municipal do concello de Xove en contornas sen rede de sumidoiros municipal que estean provistos de fosas sépticas ou outros sistemas individuais de xestión de augas residuais ou titulares de establecementos de aloxamento turístico e de restauración nos termos da normativa galega de turismo en vigor, que estean provistos de fosas sépticas ou outros sistemas individuais de xestión de augas residuais; en ámbolos dous casos, en contornas sen rede de sumidoiros municipal.

Sexto. Prazo de presentación das solicitudes

Data límite de presentación de solicitudes:

O prazo establecido para a presentación de solicitudes abarcará dende o momento da publicación do presente extracto no Boletín Oficial da Provincia e ata o 30 de setembro de 2025.

Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado da documentación esixida nas bases reguladoras da presente convocatoria.

Lugar de presentación: Sede electrónica do Concello de Xove www.xove.es, ou ben presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Xove. Camiño Real, s/n; 27880, Xove (Lugo)

Asímesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xove, 5 de marzo de 2025.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0595